

**FEDYA SERGÉEVICH
DERRETEUSE DE AMOR**




**ANXOS SUMAI
BOSCO CARIDE**

**FEDYA SERGÉEVICH
DERRETEUSE DE AMOR**



ANXOS SUMAI

**FEDYA SERGÉEVICH
DERRETEUSE DE AMOR**



ANXOS SUMAI

FEDYA SERGÉEVICH DERRETEUSE DE AMOR

Ocorréuseme que o lume era unha flor súbita, o derradeiro alento das árbores mortas. Flor violenta, expulsada, que sorría brillante antes de estiñar por completo a ira líquida. Flor irada, o lume, e entre as sombras ruxía o desamparado agromo do silencio. A noite, o silencio, a soidade. E alí, aquela noite, o meu querido e inocente Antón Barca quixo ser Fedya Sergéevich enfrontado ao lume, o neno de xeo enfrontado ao lume co peito tenso, valente. Coas bágoas contidas e a ira a piques de estourar. Eu mirábao dende a miña esquina, equidistante entre o seu desexo de soidade e o medo a ficar só. Mirábao e estendín a man no aire intentando acariñalo sen alcanzalo nunca, ata que un xemido de paxaro comezou a agromar do seu corpo e converteuse en pranto, nun prolongado e silencioso pranto que fixo tremer o lume. Daquela abraceino, abracei o neno Antón diante da chimenea acesa e tremín co seu tremor.

—Estás segura? —preguntoume enxugando as bágoas.

—Estou.

Volveu chorar en saloucos soltos e dubidei se non sería mellor mentir. A mentira, como a esperanza, é ás veces unha flor necesaria, un calmante amable e dócil. Pero xa non había volta atrás. Os anos pasaran demasiado rápido, polo menos para min. O neno tomara as cousas con máis calma, estaba ocupado en medrar e non se decatara de que o tempo o colocara diante do lume, aquela noite, con doce anos e todo o que eu soubera ensinalle.

—Estou segura —insistín.

—Non quero acompañarte mañá. Voume poñer triste.

—Claro, meu rei. Marcharei moi cedo e aínda estarás durmindo.

—Darasme un bico antes?

Abraceino forte. Na chimenea o lume recliúuse en si mesmo cunha elocuencia dolorosa. Pensei que acababan esa noite todos os invernos porque o neno, o meu neno case dende que naceu, faríase mozo e home e ancián lonxe de min. E emocióneime. A súa nai entrou na sala e dixo algo así como que parecíamos parvos, os dous, e o raparigo adolescente deulle as costas para que non lle vise os ollos húmidos.

—Teremos que cear algún día, digo eu —colleu o fillo polos ombreiros e turrou del, murmurándolle no oído algo que debía ser divertido porque o neno

botouse a rir.

Eu agardei uns minutos, mireime no espello do chineiro para arranxar o peiteado, acomodar a mirada á benevolencia familiar e saín da sala case correndo.

E aquí remata a primeira escena.

Non sei, de verdade que non o sei, onde atopou o neno o espazo para medrar tanto. Cando volvín velo, uns dez anos despois, medía case dous metros e tiña unha barba mesta e negra que lle apoñía unha gravidade artificial no rostro suave e delgado. Parecía que levase unha barba postiza. Cando marchei da casa comezaba a asomarlle nos bordos do beizo superior unha lene peluxe, escura e amoreada en dúas pequenas sombras a cada lado da boca. A voz, que co tempo se lle volveu pausada e profunda coma a do pai, mantiña daquela a dozura infantil, como se aínda as palabras que pronunciaba fosen lixeiras, sen peso, sen importancia. Como se fosen palabras que non ecoasen en cada reviravolta da vida. Palabras indolentes e impunes.

Durante os primeiros meses despois de eu deixar a casa, Antón escribiume correos electrónicos todos os días. Contoume moitas cousas, seguro que moitas máis das que lles contaba a seu pai e a súa nai. Envioume fotos, pediume consello —imaxineino colorado nese momento— cando namorou por vez

primeira e ofrecílle conforto cando recibiu a primeira dor do desamor. Recibín os seus poemas adolescentes, acollín orgullosa un par de contos que publicaría máis tarde nunha revista universitaria. Despois deixou de enviarme correos: só recibía, polo meu aniversario, bonitas postais cheas de floriñas reberetadas con brillantina de prata nas que escribía un par de frases amables, e falsamente eufóricas, coa mesma letra caída contra á dereita de cando era neno. Incluso algunha vez me chamou por teléfono pero, se o chamaba eu, el nunca respondía. Nin sequera me enviaba unhas palabras de agradecemento, de tenrura, de non-teñas-medo-por-favor que eu aínda me lembro de ti. Nada. Envieille agasallos tenros, bonitos, horteras, enfadados. Nada: non había resposta. Supuxen que estaba facendo o imposible por esquecerme, aínda que realmente creo que me esqueceu antes do que a min me tería gustado.

Algo semellante me ocorreu cos seus pais. Durante o primeiro ano convidáronme a xantar algún domingo, recibíronme nalgunha merenda os sábados pola tarde e eu, sentada na mesa de vimbio do xardín ou na severa mesa do comedor, miraba arredor con tristura porque me sentía expulsada da miña propia casa. Supoño que aqueles esporádicos convites, que quedaron co tempo nunha cesta acugulada de turróns,

doces e un par de botellas de cava polo Nadal, tiñan que ver cunha certa culpabilidade por desfaceréense de min despois de doce anos convivindo con eles. A verdade é que nunca me amosaron outra cousa que non fose unha displicente cortesía, como se non me quixesen coller cariño. Á fin e ao cabo eu non era da familia. Pensei niso sobre todo nas noites do inverno, cando estrañaba a chimenea e o caloríño familiar na boca do estómago e torturábame, cunha amargura extrema, que se desfixeran de min co desapego e a efémera culpabilidade con que certa xente abandona un can nunha estrada.

—Espero que veñas a próxima vez —despedíase de min a nai cun par de bicos nas fazulas mentres me ofrecía unha bandexa acugulada de pastas de té — Pero xa nos dixo o director do colexio que estás moi ocupada.

—Loreto nunca cambiará —o pai confirmaba a falta de entusiasmo da muller, falando sen achegarse a min e visiblemente aborrecido coa miña presenza— Sempre traballando para os demais!

—Direille a Antón que preguntaches por el —a nai levantaba a man, tamén aborrecida, cando eu empezaba a camiñar rúa abaixo na procura dun taxi. Alí non chegaban os autobuses. Para que ía haber autobuses nun lugar onde os nenos e as nenas tiñan

condutores que os levaban á escola en coches particulares e persoas coma min que lles ensinaban todo o que precisaban saber? Todo o que precisaban saber todo o tempo, mesmo de noite cando tiñan medo e corrían asustados na procura de acubillo e dunha tenra aperta.

Eu respondía saudando coa man e enviándolles un bico inxenuo coa punta dos dedos. Eles xa non estaban alí para recibilo. Xa se acolleran na casa, xa me esqueceran ata que, un día indeterminado, volvía agromar a culpabilidade e soaba o teléfono do meu apartamento ou a conxerse do colexio me interrompía a clase porque ela —sempre era ela, a nai— quería convidarme a algo. A algo, ao que fose preciso convidarme para non se sentir mal. Porque, á fin e ao cabo, despois de doce anos coidando do seu fillo debería ser a súa cómplice, debería ser algo máis que unha muller que ía de cando en vez xantar á súa casa e á que despedían cunha bandexa de pastas de té. Porque, polo menos ela, quería saber por que choraba Antón a noite en que entrou na sala e viu como o neno se viraba para darlle as costas e non amosarlle os ollos húmidos. A nai, polo menos ela, seguro que quería saber quen era Fedya Sergéevich.

E aquí remata a segunda escena.

Pero o que realmente importa é que non volvíñ ver a Antón. Ás veces botáballe unha ollada a algúns debuxos seus que gardara con auténtico orgullo. Había un que me gustaba especialmente. Era un debuxo de Fedya Sergéevich camiñando pola neve, transparente como un cubo de xeo e cun amorodo vermello, moi vermello no estómago. Fedya Sergéevich, o neno de xeo, naceu cando Antón comezou a interesarse polos contos. Inventeino despois de ver unha serie de fotos de soldados alemáns conxelados durante o asedio de Stalingrado en 1942. Estaban tesos e brancos, sentados no medio da neve ou apoiados contra a codia xeada das árbores, supetamente fulminados pola metralla do frío. Morreron de morte súbita, inesperada, case como morrín eu cando me dixeron que xa non me precisaban porque Antón ía para un internado en Cork. Irlanda. Atopei as fotos dos soldados alemáns na biblioteca da casa, dentro dun libro sobre o cultivo de amorodos en terra de xardín exterior e en terra de testo en xardín interior. Non tiña nin idea de que houbera xardíns interiores, pero habíaos. Cando se publicou o libro, nos anos corenta, xa había xardíns interiores. O libro onde atopei os soldados alemáns conxelados estaba escrito por un señor inglés que, nas fotos que o ilustraban, aparecía sempre cun sombreiro de palla e un mono

de traballo dunha esvaecida cor amarela. E era curioso o libro, porque lle dedicaba unha enorme cantidade de páxinas aos amorodos, pero tamén trataba do adestramento de aves pequenas: paspallás, reiseñores e colibrís. Detrás das fotos dos soldados alguén escribira, á man e cunha caligrafía miúda, un auténtico tratado sobre como cultivar caramiñas e sobre como tirar proveito das súas flores cando eran brancas, saborosas pero lixeiramente amargas. Coma o neno de xeo: saboroso, fermoso pero dun amargor que só Antón podía entender.

A nai cedéranos unha parte do xardín, detrás da casa, para que o neno xogase a ser labrego. Quixo ser labrego cando fartou de matar paxaros cun tirapedras e fartou, máis tarde, de explorar as posibilidades que lle ofrecían as árbores para escalar ata o ceo. Debín contarlle o conto de Fedya Sergéevich unha de tantas noites en que lle custaba durmir e petaba, educado, na porta do meu cuarto. Eu collíao no colo e levábao á súa cama. Contáballe un conto e despois quedaba mirándoo cunha abraiada inocencia mentres durmía, desexando quizais —quizais— que fose meu, que fose o meu fillo.

—Fedya Sergéevich é un neno de xeo, vive na neve e ninguén o pode ver porque é transparente coma a auga. Pero cando chega o verán, pobre Fedya!

ten que correr a agocharse dentro dunha neveira de cristal que os seus pais lle mercaron nuns grandes almacéns.

Así principiou a historia do neno de xeo. Fedya medrou canda nós: o primerio verán botouno dentro da neveira pero os pais puxéronlle rodas e Fedya puido viaxar por todo o mundo, fixese frío ou calor. No inverno sempre volvía á neve, a correr como un tolo entre as árbores xeadas, a saudar os pais dende detrás da ventá da cociña porque, se entraba na casa, habíase derreter coa calor do lume.

—E que come o neno de xeo? —preguntoume unha tarde. Chovía e non podíamos saír a cultivar a nosa pequena horta do xardín. Estabamos na biblioteca, debuxando, sumidos nunha calma esférica e prácida.

Penseino un tempo. Mirei os libros na procura de axuda e os soldados alemáns conxelados entre as luxuriosas ilustracións de froitas maduras e paxaros coloridos, déronme a resposta.

—Amorodos. O neno de xeo come amorodos.

Daquela foi cando fixo o debuxo de Fedya Sergéevich transparente sobre a neve, co amorodo vermello no estómago e cun enorme sorriso que lle tronzaba o rostro pola metade.

E aquí remata a terceira escena.

Tardei moito tempo en coñecer persoas que puidese considerar amigas, mesmo tardei moito tempo en namorarme de alguén. Cando deixei a casa eu tiña uns corenta anos e, despois de tanto tempo sen outras relacións que as que me fornececia a familia de Antón, dábase demasiada preguiza ter que coñecer xente nova. Pero en realidade o que pasaba era que me acontecia unha enorme doca e pesábame máis da conta a sensación de frustración e de abandono que carguei comigo igual que carguei con varias maletas, o meu ordenador e a tele que me regalaron cando marchei. Regaláronme unha gran tele, unha xenerosa liquidación e un contrato nun colexio privado que estaba a cincuenta quilómetros da cidade. Tampouco é que me botasen á rúa coas mans baleiras. Tampouco foi así, aínda que estou certa de que se tivesen atopado un colexio a cinco mil quilómetros alí me enviarían.

Merquei un pequeno apartamento ao lado do colexio. No colexio botaba case todo o tempo, ofrecíame voluntaria para calquera actividade e por iso me encarguei de levar a biblioteca, de atender o comedor e de dar clases fóra do horario escolar a nenos e nenas con dificultades de aprendizaxe. A eles tamén lles falei de Fedya Sergéevich, aínda que a ningún lles gustou da mesma maneira que a Antón.

Ningún debuxou nunca un neno de xeo cun amorodo vermello, moi vermello no estómago.

—Os nenos de xeo non existen, profe —dicíanme.

—Pois eu coñezo un.

E escachaban coa risa. Eu coñecía un, insistía en que coñecía un que estaba aprendendo a falar en inglés nun lugar que se chamaba Cork, en Irlanda.

Os nenos de xeo non poden aprender inglés porque non teñen boca.

*Non poden xogar coa play porque a estropean.
Derrétense coma os xeados.*

Electrocútanse se acenden unha lámpada.

Desfáanse se toman leite quente.

Non poden xogar ao fútbol porque rompen.

Non poden querer a ninguén porque non teñen corazón.

Dicían todo iso os nenos e as nenas sobre o meu querido Fedya Sergéevich. Con Antón era distinto. Antón incluso acabou inventando para min episodios da vida no neno de xeo. Como cando no ano 4820 foi quen de deter, subido á neveira coche que daquela era tamén neveira-foguete-submarino, a declaración de guerra dos peixes espada ás estrelas das Constelacións Perdidas. E debuxou a Fedya rodeado de peixes de cores, unha simple silueta trazada de cor azul ceo dentro dun mar azul turquesa.

E aquí remata a cuarta escena.

A medida que o tempo ía pasando, tamén foi esvaecendo en min a lembranza de Antón, ata o punto de non ser quen de reconstruír o seu rostro completo. Lembraba partes: os ollos castaños con tendencia a mirar o chan mentres o corpo porfiaba en buscar espazo para medrar, como unha planta esguía e tímida que procura a luz. Os rizos escuros a caerlle sobre a testa, o nariz recto, a boca abraiada e redonda como se estivese a facer pompas de xabón todo o tempo. Lembraba días soltos, como cando apareceu na cociña cunha cesta acugulada de chícharos, orgulloso da primeira colleita da nosa pequena horta. Desapareceu pouco a pouco. E, a medida que el desaparecía, eu ía recompoñendo a miña vida. Coñecín persoas coas que me sentín a gusto, mesmo me namorei dun profesor que daba clases de química no colexio.

Foi un tempo bonito o do amor, porque o profesor converteuse nun muro de contención da anguria que durante anos eu fora quen de enganar coa dedicación exclusiva a Antón. Ata me fixo dubidar de se realmente quería seguir vivindo soa, como afirmaba insistentemente. Tiña xa tantas xirmas que me parecía imposible que alguén me aturase, iso era o que realmente ocorría. Que tiña demasiadas xirmas. O

profesor chamábase Lois. Eu vía pasar polos corredores do colexio. Era un home grande que deixaba ao seu paso un ronsel de silencio no barullo dos rapaces. Un home calmo, cunha desconcertante mirada de miope e un comfortable ventre avultado no que repousar a cabeza como se fose unha almofada. Non durou moito, con todo, o amor: saímos a cear algunhas veces, fomos ao cine, paseamos á noite collidos da man polas rúas baleiras ou pola feira de paxaros que todos os domingos se celebraba na alameda. Camiñamos polo paseo da praia, por debaixo dunha enorme nube de gaivotas, un ceo móbil gris e branco que chiaba como centos de bebés esfameados. Un día, despois de bebermos unhas cervexas frescas nalgunha terraza ao lado do mar, inviteino a subir a casa.

Xa no meu apartamento falamos un tempo, tomamos unha copa de viño e deitámonos. Pero cando se espiu, inseguro á luz da lámpada da mesa de noite, el, que era tan grande, volveuse escaso como se a columna vertebral lle turrase da carne e da pel e do sexo cara á medula. Había algo enfermizo, adolescente, case infantil no seu corpo que anulou todo asomo de desexo que sentira nos encontros previos. Aí rematou o amor, porque nin sequera me naceu un relampo de tenrura cando o desexo deveu

en noxo. Deiteime no sofá e soñei esa noite que estaba nunha enorme piscina metálica, atrapada entre peixes mortos e moscas con ás verdes e azuis que relampaban ao sol con brillos nacarados.

E aquí remata a quinta escena e comeza o desconcerto.

Desconcerto

Un día chegou ao colexio un sobre grande, moito máis grande que unha carta normal, para min. Dentro do sobre había un libro. Cando abrín o libro atopei unha tarxeta preciosa, cun reberete no que aparecía escrito “University of Oxford” en caracteres azuis. Na tarxeta recoñecín a letra, caída contra a dereita, de Antón: “Querida Loreto. Como é posible que chegue ás túas mans esta novela, prefiro ser eu quen cha envíe. Ogallá non te anoxes, porque o que conto non é unha gran mentira. Só é pura ficción. Espero que o entendas. Antón Barca”. O libro titulábase: *A fogueira*. Debaixo do título e, con grandes letras, aparecía o nome do meu neno. Antón Barca. Tremín. Pasei a primeira páxina e lin a dedicatoria: “Para Loreto, a muller que me prendeu o primeiro lume”.

Gardei o sobre no bolso e decidín coller o día libre. Cruceime no corredor co meu antigo amor — que seguía espantando o ruído ao seu paso— e corrín

cara á entrada na procura da rúa estridente de cores e ruídos. Crucei o paso de peóns, camiñei ansiosa pola beirarrúa ata chegar ao edificio de apartamentos no que vivía. Entrei na casa e sentei no sofá co abrigo posto. Saquei o sobre do bolso e volvíñ ler a fermosa tarxeta. Pareceume fría. Non había ningún bico, ningunha mostra de tenrura. Só un texto distante, incluso “Querida Loreto” soaba cortés pero desafectado. Con todo, alegreime de que Antón se acordase de min e deiteime no sofá estremecida polo acontecemento de saber algo del tantos anos despois.

Non fun quen de facer nada ata rematar o libro. Nin sequera me levantei a comer cando o estómago comezou a doer de fame. A medida que ía lendo, lembraba momentos, imaxes que para Antón eran tan precisas que me desconcertaban. Pero, ao tempo que recuperaba a memoria, tamén nacía en min unha sensación de noxo, un enfado que alimentaba a ira con cada folla que pasaba. Porque Antón, o meu pequeno enfrontado ao lume, convertera en literatura todos os anos que botamos xuntos e falaba de cousas tan privadas que me poñía encarnada con cada parágrafo. Falaba mesmo dun vello vestido amarelo que eu poñía no verán e que, segundo el, facía que o meu escote fose unha tentación difícil de ignorar, e contaba que el finxía estar triste para poder

pousar a súa cabeciña nos meus peitos. Na novela deixaba moi claro que remexía nos caixóns da cómoda do meu cuarto, que miraba e ulía a miña roupa interior, que se deitaba na miña cama para aspirar o recendo que o meu pelo deixara na almofada. Eu lía e morría de pudor e de vergoña e pregunteime como era posible que calquera momento vivido ao seu lado el puidese velo de semellante maneira, cunha lascivia, cun desexo que a min me pasaron inadvertidos. As miñas pernas, que eu amosaba inocente cando xogaba con el, convertíanse nas súas noites infantís en inquedantes concrecións dos seus primeiros impulsos sexuais. Os meus pés, que eu non tiña pudor en lavar ou en arranxar diante del, eran para o meu pequeno Antón un dos meirandes praceres da infancia. Escribíu no libro que verme facer a pedicura era el para un rebulir no ventre que lle facía ferver as orellas: “collía os pés, poñíaos enriba da mesiña do seu cuarto, cortaba as unllas, retiraba as cutículas e abría o bote de esmalte. Sempre lle gustou pintar as unllas dos pés de cor negra. Os seus pés pequenos, brancos, precisaban dunha cor que conmocionace os latexos azul brillante das veas que lle atravesaban a pel branca, cadavérica. Era o meu un desexo case necrofilico, impúdico, insoportable”. E así seguía falando do meu pelo, do meu nariz, do alento morno no seu pescozo cando durmía comigo.

Transformaba en sensualidade calquera xesto meu, por moi inocente que fose. E polo medio, para licuar a ira que se me estaba a converter nunha substancia sólida, falaba do seu afecto por min, do seu querer puro e doce. E dicíao con palabras que só el e mais eu podíamos entender, palabras como virus, bacteria, ameba, protozoo, rizópodo, que eu lle fora ensinando. Virus e bacteria ensineillas cando xa comezaba a falar cunha certa soltura, nun húmido outono que paseabamos polo bosque próximo á casa na procura de cacollos e cogumelos. Despois soltáballe virus e bacterias a todo o mundo, ata que aprendeu ameba e protozoo. O proceso de aprender palabras era divertido, e iso confesábo no libro, porque as aprendía normalmente mirándome fixamente á boca, hipnotizado pola cor vermella do carmín e a lingua que non paraba de moverse.

Tamén contaba momentos privados que, tirados de contextos, ata a min me facían pensar que eu provoqueei aquel desexo, que realmente fun a muller que predeu o primeiro lume de Antón. Narraba, por exemplo, unha noite na que aterrorizado por unha enorme discusión entre os seus pais, se refuxiou no meu cuarto, eu acobilleino na cama e obrigamos a Fedya Sergéevich a viaxar na procura das Constelacións Perdidas e cambiámoslle o amorodo do estómago por un un par de lichis laranxas.

—O neno de xeo terá que namorar algún día, non si? —preguntoume. Cumprira daquela nove ou dez anos e acurrunchárase contra o meu colo, de costas a min, e eu acariñáballe a cabeza. Era algo bastante habitual. Durmíramos xuntos moitas veces desa mesma maneira. El metíaseme na cama, abrazábame e despois daba a volta e pregábase para que eu o collese pola cintura. El sacaba os brazos fóra da colcha e ficaba durmido coa miña voz murmurándolle un conto no oído, case dentro da cabeza.

—Claro que namorará. Por que o preguntas? Antón sempre se tomaba un tempo antes de responder. No silencio do cuarto, seguimos oíndo a discusión dos pais amortecida polas paredes. Tardou moito en falar. Pensei que quedara durmido. Estirei o brazo para apagar a luz e, entón, el virouse cara a min e díxome que se alegraba de que non fose a súa nai, porque así podía quererme máis e con toda a liberdade do mundo. Era un raparigo e eu non imaxinaba que o seu corpo se estremecese xa cos primeiros pulos do desexo e non entendía, ou non quixen entender, o significado daquelas palabras. A fin de contas era *un neno, o meu neno inocente e tímido, o meu neno máxico* que aínda cría que calquera forma de vida era posible, mesmo que o xeo e as pedras podían respirar e falar e camiñar e salvar o mundo de terribles

desastres. O que fixen foi abrazalo, taparlle as orellas coas mans para que non puidese oír a discusión que medraba e medraba ata o silencio último, cando algo escachou contra o chan e un ruído de cristais esnaquizados fíxome pensar que aquel era o son que anunciaba a fin do mundo.

Pouco tempo despois oín gargalladas no corredor. A nai e o pai abriron a porta do seu cuarto, en fronte do meu, e perdéronse no seu persoal e cotián apocalipse de xeo e lume. Esperei un tempo, coas mans presionando as orellas do neno, ata cesaren os xemidos da nai, ata que o pai exhalou o seu triste lamento de pracer e se fixo o silencio. Un silencio nocturno e con aleivosía, un silencio de peixes podres e moscas brillantes que inzaban os pesadelos do meu neno.

Uns días despois, cando o fun espertar pola mañá, el agarrouse á saba. Quixen arrincalo da cama pero negouse, púxose encarnado e deume as costas. Mireino con sorpresa, porque non quería xogar coma outras veces. Non quería eses cinco-minutos-máis-por-favor que me pedía sempre con voz mequeira.

—Non quero que volvas espertarme —díxome e botoume fóra. Dende o corredor sentín como se levantaba da cama e corría ata o baño do seu cuarto.

Pero seguín espertándoo. O que nunca volvín facer foi arrincalo da cama e encoiralo coma antes.

O meu neno inocente e sen sexo ao que acompañei ao colexio cada día ata que decidiu ir só. Cando decidiu ir só, eu quedaba mirándoo dende a ventá ata perdelo de vista debaixo das follas das árbores do xardín. El xirábase para botarme un bico ou facer un aceno de despedida coa man. Despois botaba a correr e desaparecía. O meu tenro, o meu inocente Antón.

A nai, escandalizada polo contido do libro do seu fillo, non tardou en chamarme por teléfono enfurecida. Quería saber exactamente se as cousas ocorreran como as contaba o neno, se eu o provocara, se eu tiña algo que ver con aquela “barbaridade” — foi a palabra que empregou— que escribira o seu fillo. Por máis que o neguei foi imposible que o entendese, ata ela mesma vía de súpeto acenos, caricias, intencións que nunca existiran.

—Es unha boa prea. E nós que confiamos toda a vida en ti! —e así, con esa frase e un salouco acugulado de bágoas e repulsión, colgou o teléfono.

Non tardei en velo na tele, entrevistado nun programa de libros. Na tele víaselle tan novo que toda a ira que sentira ao ler a novela transformouse, de novo, en tenrura. Pensei: “estamos en febreiro, fáltanlle aínda dous meses para cumprir vinte anos”. Un prodixio, claro. “Temos hoxe con nós un auténtico prodixio da literatura: Antón Barca”, así o anunciou a

muller que o entrevistaba. Antón tiña o pelo desordenado, coma sempre: os rizos caíanlle sobre os ollos e parecía gustarlle esa especie de veio que lle agochaba a mirada. Aínda non lucía a barba coa que o viu poucos anos despois. De cando en vez podía dexergar relampos de paixón no brillo dos seus ollos marróns, a flor incandescente de Fedya Sergéevich perante o lume, o corazón de amorodo do neno de xeo.

El sorría timidamente ante cada pregunta e baixaba os ollos para mirar as mans que se movían nerviosas sobre unha mesa de cor granate. Respondía lentamente, desesperadamente lento, igual que cando era neno e falaba tan amodo que, ata que me afixen, pensei que o rapaz eru un pouco abofé. O que pasaba era que o pensaba todo demasiado tempo.

—É que non quero dicir parvadas —díxome unha vez que lle berrei por quedar así, pampo—. Canto máis fala unha persoa máis posibilidades ten de dicir parvadas.

Eu, que o coñecía tanto, sabía en que momento ía mentir. Mentiu cando falou de min, da muller que obsesionaba sexualmente ao neno da novela. Dixo que todo era ficción, que el nunca tivera unha atractiva institutriz senón unha aia rechoncha e sen ningún encanto sensual. Eu sentínme triste, moi triste. Teríame gustado que me recoñecese. É un absurdo, xa o sei,

porque estaba enfadada con el por verme convertido nun personaxe literario sen consultarme, por tratar o meu afecto con tanta frivolidade, pero quería que me recoñecese. Que non me negase. Pero non o fixo. É máis, contou que xa de pequeno entretiña o insomnio inventando contos. Pero cando o dixo ergueu a ollada das mans, arredou os rizos que lle agochaban a mirada e puiden ver o resplandor da mentira. A floración fría e gris da mentira. Coñecía ese relampo perfectamente, ese asomo de enfado e de contundencia con que pretendía transformar a realidade en algo distinto, en algo que se acomodase a el, quizais en pura ficción. Quizais esa ficción da que me falaba na elegante tarxeta da Universidade de Oxford: “o que conto non é unha gran mentira. Só é pura ficción”.

E aquí remata o desconcerto e subimos a un avión.

O 12 de maio de 2007 subín a un avión con destino a Londres. Levaba comigo un grupo de cinco alumnos que ían botar un mes internos nun colexio das aforas da cidade. Xa estaba sentada, cos raparigos acomodados, cando o vin avanzar polo estreito corredor na procura do seu asento. Era el, sen ningunha dúbida. Chameino e respondeu á miña chamada. O corazón batíame de tal maneira que pensei que non ía ser quen de falar. El, daquela, con vinte e cinco

anos, era xa un autor consagrado que recibira varios premios por unha serie de relatos infantís baseados nun personaxe que se chamaba Fedya Sergéevich, un neno de xeo que nacera na estepa rusa e que vivía nunha neveira coa que percorría o mundo. Dubidou un chisco cando me mirou, mesmo arredou os ollos de min e seguiu buscando o seu asento. Pero, de súpeto, detívose, observoume atentamente cun asomo de sorpresa e sorriu, distante. Tan alto como era e case tocando o teito do avión co ceo da cabeza.

—Loreto, que alegría verte! —inclinouse cara a min para bicarme pero algo nel, á parte daquela mesta barba negra que semellaba postiza, desconcertoume. Desconcertoume que falase comigo coa proximidade e a confianza de sempre, pero cunha obrigada cortesía que me recordou a que me dedicaban os seus pais naqueles convites de fin de semana. Parecía desexar perderme de vista, lamentar o afecto que nalgún tempo me mostrou e iso fixo que me sentise expulsada de novo. Con todo sorría amable, como se tampouco escribise nunca aquel libro sobre o nacemento do desexo nun neno pequeno, como se nunca publicase os contos de Fedya Sergéevich que eu inventara só para el. Mirábame como se fose transparente e inanimada, un personaxe anódino dunha das súas novelas, e esa forma de mirarme devolveume a antiga sensación de abandono. Como se eu non tivese na

súa vida máis valor que os lapis de cores cos que pintou o neno de xeo e que acabaron podrecendo no lixo.

Como se a última noite que nos vimos, antes de abrazarse a min saloucando, non dixese en voz alta e xurase e perxurase que Fedya Sergéevich non viviría sen min, que se derretería de amor e para sempre diante do lume da chimenea, mentres na chimenea o lume era unha floración irada. Como se nunca ficase fronte ao lume cos brazos abertos, afouto, destemido, ata que comezou a chorar.

A presente edición do conto
"Fedya Sergéevich derreteuše de amor"
de Anxos Sumai
está ilustrada cunha serigrafía do Artista
Bosco Caride, impresa a 5 cores
sobre papel Moulin Du Gué.


A edición consta de 200 exemplares numerados
do 1/200 ó 200/200. Máis 30 exemplares de
compromisos de edición numerados do
1/XXX ó XXX/XXX.

A impresión do texto fíxose en Lúa Gráfica.

A serigrafía da man de Villalobos Serigrafía Artística.

Tanto o texto como a serigrafía foron
numerados e asinados polos autores.

Exemplar N.º $\frac{22}{200}$



TÍTULOS PUBLICADOS NESTA COLECCIÓN:

- *NA ESPERA DO AMIGO*
Francisco Fernández del Riego
Laxeiro
- *A CASA DE LIMPAS*
Carmen Panero
Antón Goyanes
- *A BANDA DE POMBAS*
Camilo José Cela
Luis María Caruncho
- *CARMIÑA*
Manuel Rivas
Din Matamoro
- *SAN COLLÓNS E OUTROS VUDÚS*
Antón Reixa
Antón Patiño
- *A COROZA*
M^a do Carme Kruckenberg
Manuel Moldes
- *UNHA AVELAÍÑA NA LÁMPADA*
Victor F. Freixanes
Xoxe Freixanes
- *LISBOA*
Alfonso Armada
Menchu Lamas
- *UNHA MULLER E UNHA SILLA*
Luisa Castro
Francisco Leiro
- *DE SEXO SEN TRÁMITE*
Carlos Oroza
Antón Lamazares
- *A RAPAZA QUE ARDÍA*
Suso de Toro
Berta Cácamo
- *LONGAS AUGAS*
Xavier Xeoane
Leopoldo Nóvoa
- *NINGUÉN DE NINGURES*
Xosé María Álvarez Cácamo
Darío Basso
- *FANTASMAS*
Anxo A. Rei Ballesteros
Xavier Correa
- *PERCIVAL*
X. L. Méndez Ferrín
Silverio Rivas

